

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

ATAQUE DE NO GAIÁS²¹


DO 8 XULLO AO 27 AGOSTO 2021
TODOS OS XOVES E VENRES, ÁS 21:00 h.

ENTRADA: 3€ EN ATAQUILLA.COM

CONCERTOS AO AIRE LIBRE
NA PRAZA CENTRAL DO GAIÁS


MÁIS INFORMACIÓN EN cidadedacultura.gal

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo
21-22


Colabora:





XOVES 8 | TULIP

Pop tropicalista é o que ofrece este dúo vigués, que reúne a membros de coñecidas bandas do pop-rock alternativo de Galicia como Wild Balbina (Marta González) e Dois (Óscar Raña) para ofrecernos pequenas xoias de estío, que nos remiten á amizade, á praia e aos solpores con repouso melancólico.



VENRES 9 | HELEN & SHANNA

A mestizaxe de culturas e idiomas (inglés, galego, portugués e español) permítelle a este cuarteto vigués mudar radicalmente e con comodidade de estilo: desde os temas bailables con ritmos tropicais, como é caso do tema de *La Sexualité*, ata ao folk sentimental de *Saudade*.

XOVES 15 | RECYCLED J

Rap, trap, reggaeton, pop, electrónica e aires flamencos. Este mozo de 28 anos do barrio de Carabanchel acumula máis de un millón de ouvintes mensuais en plataformas dixitais como Spotify e máis de 60 millóns de visualización na súa canle de Youtube.



(PREMIOS
XUNVENTUDE
CREA)





VENRES 16 | SHERCHELIOS + BATTOSAI

Dous grupos gañadores do Xuventude Crea enriba do escenario para converter tamén a *Atardecer no Gaiás* en escaparate do potencial e talento emerxente da escena musical galega. Dous formacións e dous xéneros: pop acústico e grunge.

XOVES 22 | GUADALUPE ÁLVAREZ LUCHÍA

Dozura, folk arxentino e electrónica son tres etiquetas que se lle quedan curtas a esta cantante, compositora, produtora e actriz. Pescudar no seu repertorio supón rescatar tesouros do folclore rioplatense e do bluegrass e convites ao baile con ritmos de candombe ou a zamba.



VENRES 23 | GEORGINA

Cantante venezolana que desde que se instalou en España en 2005 ten merecidamente gañado o seu oco no panorama pop polos seus temas directos e persoais sobre o amor e o desamor. Nos seus éxitos recentes destaca a colaboración con Vanesa Martín en *Con solo una mirada* e *Supermujer*.


XOVES 29 | JAY JAY JOHANSON

Con máis de dúas décadas de traxectoria profesional e dez discos publicados, o músico sueco está considerado como o "gran crooner da era electrónica" e ten merecido o gaboso calificativo de "Sinatra posmoderno" polos seus son actuais próximo ao jazz e a bossa nova.



VENRES 30 | CAAMAÑO & AMEIXEIRAS

Antía Ameixeiras e Sabela Caamaño transpórtannos co seu violín e acordeón cromático á vella Europa dos Balcáns, pero tamén á nosa música de raíz que nunca deixa de ser contemporánea, como en *Maneo do cambre*, un dos seus temas máis íntimos e intensos interpretado coa exquisita sensibilidade de Silvia Pérez Cruz.




XOVES 5 | SARA ZOZAYA

Pop, folk, electrónica, tradición vasca... a cantautora de Donosti no entende de etiquetas. E quizais sexa o que a catapultou ao número un da radio máis escoitada en Euskadi coa súa recente nova traxectoria en solitario, que compaxina coa faciana de cantante do coñecido grupo Nerabe.

VENRES 6 | DANIEL LUMBRERAS

Tinguiduras de música africana, celta, brasileira ou mesmo os cantos sufíes ou da música raí coa gran particularidade de que canta improvisando fonemas. Este ano presenta 'Cinematic', disco inspirado nas películas que viu no confinamento, e que se caracteriza polos xogos de voces e arranxos corais. De aí que veña nun inédito formato de cuarteto de voces con Marta Ortega, Mariona Fernández e Gloria Fernández.




XOVES 12 | BABYKATZE

Electrónica melancólica. Dúas palabras que definen a música desta argentina residente en Vigo. Sintetizadores, samplers e efectos ao servizo de composicións hipnotizantes, intensas e cheas de enerxía, que nos directos cobran vida nun formato artístico a carón da performance.




VENRES 13 | FIRMADO, CARLOTA

Unha das promesas do pop underground. Confidencias feitas cancións curtas, que se enchoupan da bagaxe emocional sobre os peores e mellores momentos do cotián. Un diario escrito con composicións delicadas, cálidas e evocadoras.




XOVES 19 | ESPIÑO

Un gran coñecido e recoñecido da escena musical compostelá, pola súa faciana de músico, compositor e investigador. O primeiro premio do Certame de Galicia Creativa deulle maior visibilidade fóra do circuíto local a este seareiro non disimulado da música dos Beatles e voz do grupo de versións Los Chavales.




VENRES 20 | VALDIVIA

"A enfermeira madrileña que fai pop bedroom". Este titular co que se ten presentado a Irene López é tan singular como a súa voz e as súas composicións, íntimas no estilo e no contido, baseadas na súas experiencias persoais, que relata-canta, como se tamén fosen nosas.




XOVES 26 | PEDRO MAFAMA

"Mestura de ritmos e influencias que se viven na miña cidade: *Cozido á lisboetta!*" Esta é sincera autopresentación deste fadista trap e urbano, que bebe da música tradicional portuguesa, dos ritmos africanos e tamén magrebís para compactalos con sons electrónicos e efectos do autotune. Música actual para a Portugal actual.




VENRES 27 | BLANCO PALAMERA

R&B e soul electrónico de Compostela para o mundo. Manuel Blanco e Xoan Domínguez Palamera manexan con elegancia sintetizadores e guitarras para ofrecer deliciosas melodías que bailan coa bossa, co jazz e co groove funk co obxectivo de que se regurxiten sen fin as súas cativadoras letras.



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

ATAAR DEEDER NO GAIÁS²¹



XULLO

8 TULIP / 9 HELEN & SHANNA /
15 RECYCLED J / 16 SHERCHELIOS + BATTOSAI /
22 GUADALUPE ÁLVAREZ LUCHÍA / 23 GEORGINA /
29 JAY JAY JOHANSON / 30 CAAMAÑO & AMEIXEIRAS

AGOSTO


5 SARA ZOZAYA / 6 DANIEL LUMBRERAS /
12 BABYKATZE / 13 FIRMADO, CARLOTA /
19 ESPIÑO / 20 VALDIVIA /
26 PEDRO MAFAMA / 27 BLANCO PALAMERA

DO 8 XULLO AO 27 AGOSTO 2021
TODOS OS XOVES E VENRES, ÁS 21:00 h.
ENTRADA: 3€ EN ATAQUILLA.COM

CONCERTOS AO AIRE LIBRE
NA PRAZA CENTRAL DO GAIÁS

MÁIS INFORMACIÓN EN cidadedacultura.gal

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo
21-22

Colabora:

